



RESOLUCIÓN DO 17 DE MARZO DE 2026 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A LISTA DEFINITIVA DE BAREMACIÓN NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE XUÑO DE 2025 (DOG N° 123, DO 30 DE XUÑO)

Mediante Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, de data 16 de xuño de 2025 (anuncio no DOG n.º 123, do 30 de xuño), convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario de grao, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Por resolución do 26 de xaneiro de 2026 procedeuse á publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos así como de baremación provisional, con apertura dun prazo para a presentación de reclamacións.

Rematado o prazo sinalado e de conformidade co establecido nos puntos 3 e 4 da Base Sexta, logo do tratamento das reclamacións no seo da Comisión de Traslados Internos e a proposta da mesma, esta Xerencia

RESOLVE:

Primeiro.- Publicar como Anexo I a listaxe definitiva de baremación das persoas admitidas na convocatoria, segundo a orde de prelación.

A publicación da devandita listaxe terá lugar na paxina web do Espazo do Profesional. A baremación de cada aspirante estará tamén visible en Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos — Mobilidade Voluntaria Interna.

Segundo.- Convocar as persoas aspirantes aos actos de elección de prazas, segundo se recolle no Anexo II.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado dixitalmente en A Coruña
Luis Verde Remeseiro
Xerente Área Sanitaria de A Coruña e Cee

DILIXENCIA

Para facer constar que na data da súa sinatura dixital procédese á publicación desta resolución na páxina web do Espazo do Profesional